

EOI de Lugo

Programación Xeral Anual

Capítulo I

Curso 2024/2025

Contidos

Introdución.....	3
Obxectivos específicos da escola para o curso 2024/2025 e as medidas propostas para a súa consecución.....	5
Horario xeral da EOI de Lugo e criterios para a súa elaboración.....	9
Período lectivo.....	9
<i>Apertura do centro e atención ao público.....</i>	<i>9</i>
<i>Horario de limpeza.....</i>	<i>9</i>
<i>Horario de atención ao público da secretaría:.....</i>	<i>9</i>
<i>Horario da oficina de That's English!.....</i>	<i>9</i>
Período non lectivo.....	9
<i>Apertura do centro e atención ao público.....</i>	<i>9</i>
<i>Horario da oficina.....</i>	<i>9</i>
<i>Horario de limpeza.....</i>	<i>10</i>
<i>Días de libre disposición.....</i>	<i>10</i>
Horario de atención ao público polo equipo directivo.....	11
No período lectivo.....	11
No período non lectivo.....	11
Cadro xeral horario de atención tutorial.....	12
Horario de utilización das instalacións da escola.....	15
Período lectivo.....	15
Uso da sala de informática e do salón de actos.....	15
Organización, funcionamento e horario da biblioteca.....	15
Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación da escola.....	17
Extensión de Sarria.....	18
Aulas.....	18
Empréstimo e consulta de materiais da biblioteca.....	18
Cadro docente.....	19

No curso 2024/2025 seguirase a apostar pola calidade na docencia, mediante unha formación adaptada ás necesidades do profesorado e na busca da excelencia académica.

Este será o sexto curso en que está vixente o Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, o que implica unha certa estabilidade normativa no eido curricular. Así mesmo, as probas de certificación libres terán lugar xunto coa convocatoria ordinaria, o que facilitará a organización da actividade docente e do desenvolvemento do currículo, xa que non haberá que facer ningunha parada ou reorganización da actividade docente durante os meses de xaneiro e febreiro.

Ademais, continúan vixentes as pasarelas que se implantaron co novo decreto. Deste xeito, o alumnado que xa tiña expediente nas escolas galegas ten que acceder a uns niveis establecidos pola Consellería de Educación. Isto obriga a que, por exemplo, o alumnado que aprobou o primeiro curso dos niveis avanzados do plan antigo debe cursar un primeiro curso de C1. Esta medida, en moitos casos, non responde ás expectativas do alumnado, xa que acceden a un nivel superior sen posuír a certificación do nivel anterior. Ademais, este sistema tamén provoca que, moitas veces, se acceda a un nivel superior ao que realmente se posúe. Ben é certo que, durante o mes de setembro, o alumnado que non estivese matriculado no dous últimos cursos, poderá optar a unha matrícula de actualización por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo e ratificada polo departamento. Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación. Así mesmo, o alumno deberá estar de acordo con esta proposta para que se faga efectiva a matrícula de actualización.

Este ano, amais do nivel B1.1 de alemán, impartirase ensino semipresencial en todos os cursos de inglés (A2, B1, B2.1, B2.2, C1.1, C1.2 e C2), agás no nivel A1. Este ensino conta cunha sesión de dúas horas presencial e outra que se desenvolve de xeito asíncrono. Este tipo de oferta educativa resulta moi atractiva para o alumnado que quere iniciar ou continuar a súa formación na EOI e non dispón de dúas tardes á semana para desprazarse ata a EOI. Ademais, tamén facilita a confección dos horarios do profesorado.

No referente aos datos de matrícula hai un aumento considerable do alumnado, especialmente destacable en galego, nos cursos do nivel C, e español para estranxeiros, que se imparte este ano por primeira vez de xeito experimental e que está a gozar de moita aceptación. No referente ás franxas horarias, a máis demandada segue a ser a de 18.00 h a 20.00 h, seguida da franxa a de 20.00 h a 22.00 h, fronte a outras que suscitan menor interese, como son horarios de mañá e de 16.00 h a 18.00 h.

Continúa o interese do alumnado polos cursos Celga e de linguaxe administrativa, que son os cursos máis demandados da escola. Os cursos dos niveis básicos en horario de 18.00 h a 20.00 h de todos os idiomas contan con moito alumnado e por idiomas, os cursos que

contan cun maior número de alumnado son, en alemán, o nivel A1 en horario de tarde; en chinés, o nivel A1, en horario de tarde; en español para estranxeiros, o grupo do nivel A2; en francés, A1 en horario de tarde; en galego, os niveis C e os cursos de linguaxe administrativa; en inglés, os niveis A1 en case todas as franxas horarias e, especialmente os cursos en horario de 18.00 h a 20.00 h; en italiano, o grupo do nivel A1-A2; e en portugués, o grupo do nivel B1.

Por outra banda, dende a dirección, facilitaranse todos os medios para que o profesorado poida pór en práctica as liñas de actuación que recomenda o Proxecto Educativo de Centro.

En relación aos proxectos europeos Erasmus+, este curso desenvolverase o proxecto de curta duración (K122) *M+I+S=Metodoloxía, inclusión e sostibilidade. Cara a unha EOI máis sostible*. Este proxecto inclúe dez mobilidades para a formación do profesorado, todas elas relacionadas cos obxectivos do proxecto, e mais cinco mobilidades para que o alumnado se implique na biblioteca.

Obxectivos específicos da escola para o curso 2024/2025 e as medidas propostas para a súa consecución.

Área	A. Organización do centro				
OBXECTIVO (1)	A1. Reorganizar a estrutura das reunións da Comisión de coordinación pedagóxica para conseguir unha maior cohesión entre os departamentos didácticos.			Acadado	Non acadado
Responsable	Equipo directivo e membros da CCP				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	<p>Nas reunións desta comisión:</p> <ol style="list-style-type: none"> Establécense as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas e do programa de potenciación da lingua galega, e vélese polo seu cumprimento. Elabóranse protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento. Trabállase con técnicas de traballo cooperativo. 				
Valor de partida (3)	Durante o curso pasado xa se tentou reducir o tempo que se dedica a outros temas. De todos os xeitos, aínda así, os temas que se debaten son de carácter organizativo, máis que pedagóxicos e non se acadou unha redacción conxunta das programacións.				
Valor previsto (4)	As reunións teñen carácter de traballo e fanse propostas para a revisión dos documentos pedagóxicos do centro, como o programa de potenciación da lingua galega, o PEC e as programacións didácticas, revisando aspectos da avaliación formativa e relacionando as actividades tanto culturais como formativas co deseño universal da aprendizaxe e co currículo vixente.	Data (4)	Xuño 2025		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
AO1.1: Adaptar a orde do día ás competencias da CCP.	Xefatura de Estudos, Dirección e Vicedirección	Durante todo o curso	Reflexión previa á convocatoria das reunións sobre as competencias desta comisión.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2:	CCP.	Ao longo do curso	Ferramentas		Realizada

Establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión das programacións didácticas, do programa de potenciación da lingua galega, e velar polo seu cumprimento.			para a organización do traballo (Canva, DAFO, calendario...)		Aprazada
					Pendente
AO1.3: Elaborar protocolos para avaliar o resultado do seu desenvolvemento.	CCP	Ao longo do curso	Aula virtual do centro Ferramentas de avaliación		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área	B. Formación do profesorado e organización do centro
-------------	---

OBXECTIVO (1)	B.1. Integrar nos documentos do centro as aprendizaxes do profesorado e do alumnado participante nos programas de formación do centro (PFPP, Erasmus+ KA122)	Acadado
		Non acadado

Responsable	Equipo directivo, Consello escolar, Claustro e demais comisións e coordinacións do centro.
--------------------	--

Indicador/es do OBXECTIVO (2)	<p>O profesorado e o alumnado participantes nos programas de formación durante o curso 2024/2025:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comparten o que aprenden en diferentes plataformas que cheguen a toda a comunidade escolar. 2. Participan como convidados nas reunións dos órganos de goberno e das coordinacións onde se poida aproveitar a súa experiencia para integrala na organización do centro. 3. Intégranse novos apartados na documentación do centro, de acordo co que se aprendeu nestas formacións.
--------------------------------------	---

Valor de partida (3)	Actualmente, están en período de revisión as programacións didácticas dos departamentos. Tamén se acaban de actualizar o PEC e as NOF.
-----------------------------	--

Valor previsto (4)	Ao comezo do curso 2025/2026 a documentación e a organización do centro terá en conta as aprendizaxes deste curso.	Data (4)	Xuño 2025
---------------------------	--	-----------------	-----------

ACCIÓNS A DESENVOLVER					
------------------------------	--	--	--	--	--

DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)

BO1.1: Asistencia ao curso <i>Deseño de espazos de aprendizaxe para a aula do século XXI</i>	Equipo directivo, coordinación de programas internacionais e profesorado participante.	Primeiro cuadrimestre do curso	KA122: M+I+S		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO1.2: Asistencia ao curso <i>Agenda 2030: Ferramentas TIC para o desenvolvemento sostenible</i>	Equipo directivo, coordinación de programas internacionais e profesorado participante.	Segundo cuadrimestre do curso	KA122: M+I+S		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO1.3: Asistencia ao curso <i>Liderado e dirección para equipos directivos de centros educativos</i>	Equipo directivo, coordinación de programas internacionais e profesorado participante.	Segundo cuadrimestre do curso	KA122: M+I+S		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área	B. Metodoloxía e formación do profesorado					
OBXECTIVO (1)	B.2. Impulsar un proceso de cambio nas metodoloxías docentes para ofrecer ao alumnado máis oportunidades de desenvolver o seu talento, de xeito que mellore a súa motivación, se potencien as súas capacidades e se teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.				Acadado	
					Non acadado	
Responsable	Equipo directivo e coordinadora da formación.					
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	O profesorado introduce, polo menos, unha nova estratexia nas súas aulas para que o alumnado mellore as súas capacidades. Os resultados finais na aula son máis positivos ca outros anos. A perda do alumnado por motivos relacionados co ensino redúcese nun 30 %.					
Valor de partida (3)	Nas enquisas ao alumnado hai queixas sobre a metodoloxía que emprega o profesorado.					
Valor previsto (4)	O alumnado móstrase satisfeito coa metodoloxía e a calidade do ensino na escola. Aumenta o número de aprobados. O profesorado observa melloras no desenvolvemento das aulas e nos resultados do alumnado.			Data (4)	Xuño 2025	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						

DESCRIPCIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoración das accións (9)	Estado (10)
BO2.1: Asistencia ao curso sobre o <i>Deseño universal da aprendizaxe: estratexias e ferramentas dixitais para apoiar a todo o alumnado.</i>	Equipo directivo, coordinación de programas internacionais e profesorado participante.	Primeiro cuadrimestre do curso	KA122: M+I+S		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO2.2: Asistencia ao curso <i>Estratexias creativas para o profesorado de linguas estranxeiras: simplificar e facer realidade.</i>	Equipo directivo, coordinación de programas internacionais e profesorado participante.	Primeiro cuadrimestre do curso	KA122: M+I+S		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO2.3: Asistencia ao curso <i>A intelixencia artificial na aula.</i>	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Segundo cuadrimestre do curso	Solicitud e PFPP ao CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Horario xeral da EOI de Lugo e criterios para a súa elaboración

Período lectivo

Apertura do centro e atención ao público

8.30 h - 22.00 h de luns a xoves. Os venres das 8.30 h ás 20.30 h.

Horario de limpeza

O servizo de limpeza, que está dividido en dúas quendas, comeza ás 7.30 h e remata ás 22.00 h.

Horario de atención ao público da secretaría:

De luns a venres, de 9.00 h a 14.00 h. Os xoves dende 9.00 h ata as 20.30 h. Este horario pode modificarse se as necesidades do servizo o fixeren preciso.

Horario da oficina de *That's English!*

O horario non depende do centro, polo que sofre mudanzas ao longo do curso que se van actualizando na páxina web.

Período non lectivo

Apertura do centro e atención ao público

- Do 1 ao 31 de xullo: de 8.30 h a 15.00 h (luns, martes, mércores e venres) e de 8.30 h a 20.00 h (xoves)
- Do 1 de agosto ao 22 de agosto: de 10.00 h a 13.00 h.
- Do 25 de agosto ao 29 de agosto: de 9.00 h a 15.00 h.
- Vacacións de Nadal, Entroido, Semana Santa: de 10.00 h a 13.00 h.
- O horario podería modificarse ou ampliarse, se as necesidades do servizo o fixeren preciso.

Horario da oficina

- Do 1 ao 31 de xullo: de 9.00 h a 15.00 h (luns, martes, mércores e venres) e de 9.00 h a 20.00 h (xoves)
- Horario de atención ao público do 1 ao 31 de xullo: de 9.00 h a 14.00 h (luns, martes, mércores, xoves e venres) e de 16.00 h a 20.00 h (xoves).
- Do 1 ao 22 de agosto: de 10.00 h a 13.00 h.
- Do 25 de agosto ao 29 de agosto: 9.00 h a 15.00 h
- Vacacións de Nadal, Entroido, Semana Santa: de 10.00 h a 13.00 h.
- O horario podería modificarse ou ampliarse, se as necesidades do servizo o fixeren preciso.

Horario de limpeza

Durante o período vacacional, as persoas encargadas da limpeza que ocupan o seu posto na Escola Oficial de Idiomas de Lugo teñen un horario de 7.30 h a 15.00 h, mais pode modificarse atendendo ás necesidades do centro. Deben gozar as súas vacacións durante calquera dos períodos de vacacións, de xeito coordinado, para que este servizo estea sempre cuberto.

Días de libre disposición

Na reunión ordinaria do consello escolar, que tivo lugar o 27 de setembro de 2024, elixíronse como días de libre disposición o 30 de outubro de 2024 e o 28 de febreiro de 2025.

Horario de atención ao público polo equipo directivo

No período lectivo

DIRECCIÓN- Fernando Vázquez López

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	09.30-13.30		09.30-12.00	09.30-12.00
		17.00-20.00		

VICEDIRECCIÓN- M^a José Veiga Díaz

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09.00-10.00 12.00-14.00		9.00-10.00 12.00-14.00		09.00-12.00
	19.00-21.00		18.00-21.00	

XEFATURA DE ESTUDOS- Fátima Fugarolas López

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00-13.00		10.00-13.30	10.00-13.30	09.00-12.00
	16.00-20.00	16.30-17.30		

SECRETARÍA- Ángeles Fernández Mouriz

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10.00-14.30		10.00-14.30		09.00-12.00
	16.00-17.00 20.00-21.00		16.00-20.00	

No período non lectivo

Durante o período non lectivo, o equipo directivo asume, por quendas, un horario de garda de acordo co horario de apertura do centro. Durante o mes de agosto, non se farán gardas presenciais. Porén, durante ese mes, o equipo directivo atende as solicitudes do alumnado e/ou do profesorado, por correo electrónico ou por teléfono. En caso de urxencia, un membro do equipo directivo estará localizable e dispoñible.

Cadro xeral horario de atención titorial

Alén das titorías presenciais, o profesorado ofrece ao seu alumnado a posibilidade de participar dunha aula virtual de apoio titorial. Deste xeito, o alumnado pode acceder a actividades de reforzo que lle axudarán a mellorar e afianzar a súa aprendizaxe e a paliar imprevistos, como son as ausencias do alumnado e tamén do profesorado.

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE ALEMÁN						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	13.00 h 14.00 h			X		
De a	17.30 h 18.00 h		X		X	
De a	18.00 h 29.00 h		X			

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	13.00 h 14.00 h		X			

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE CHINÉS						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	11.00 h 11.30 h		X			
De a	15.30 h 16.00 h				X	
De	17.30 h 18.00 h	XX				

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE FRANCÉS						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	08.30 h 09.00 h	X				
De a	13.00 h 13.30 h	X				
De a	17.30 h 18.00 h				X	
De a	20.00 h 20.30 h		XX	X		

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE GALEGO						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	09.00 h 09.30 h					XX
De a	10.00 h 10.30 h	X		X		
De a	11.30 h 12.00 h	X				
De a	13.00 h 13.30 h				X	
De a	17.30 h 18.00 h	X				
De a	18.00 h 18.30 h		X	X	X	
De a	19.30 h 20.00 h	X				

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE INGLÉS						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	10.00 h 11.00 h				X	
De a	11.00 h 12.00 h	X				XX
De a	13.00 h 13.30 h	X	X	X	XX	
De a	13.00 h 14.00 h		X			
De a	15.00 h 16.00 h		X			
De a	16.00 h 16.30 h		X			
De a	17.00 h 18.00 h		X			
De a	17.30 h 18.00 h	XXXXX		XX		
De a	18.00 h 18.30 h				X	
De a	18.30 h 19.00 h	X				
De a	18.00 h 19.00 h	XX				
De a	19.00 h 20.00 h		X			

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE ITALIANO						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	10.30 h 11.00 h	X				
De a	13.00 h 13.30 h				X	
De a	15.00 h 15.30 h					X
De a	17.30 h 18.00 h	XX			X	

CADRO DE TITORÍAS DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS						
Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	11.00 h 12.00 h		X			X

Horario de utilización das instalacións da escola

Período lectivo

Uso da sala de informática e do salón de actos

Só haberá clase nestes espazos, cando o resto das aulas estean ocupadas. O alumnado poderá acceder a estes espazos só coa presenza do profesorado titor na hora de clase ou ben cando haxa algunha actividade de libre acceso.

Organización, funcionamento e horario da biblioteca

A organización e o funcionamento da biblioteca está coordinada por Alma López Figueiras, que conta co apoio dun equipo de trece profesoras e profesores, tal como se regula nas instrucións de setembro deste ano. O profesorado do equipo da biblioteca encárgase tanto de atender o público, dar de alta novas persoas usuarias, facer préstamos e recoller devolucións, como de fichar as novas adquisicións de material de consulta e préstamo catálogo da biblioteca e de deseñar e desenvolver as actividades de dinamización da biblioteca para animar á lectura e escritura, promover a alfabetización mediática e informacional e fomentar a implicación da comunidade escolar.

O préstamo tramítase a través do programa Koha. Ademais do alumnado oficial, tamén teñen dereito a facer uso da biblioteca alumnado doutras modalidades como os cursos Celga, CALC e That's English! e mais o antigo alumnado. Pódense levar tres libros ou DVD por un tempo máximo de quince días renovables.

A biblioteca conta cun sitio web (biblioteca.eoilugo.gal) e dispón dun correo electrónico institucional (eoilugo.biblioteca@edu.xunta.gal) para que o alumnado contacte co equipo e mesmo poida solicitar a renovación do material prestado. Así mesmo, coordina a publicación dun boletín informativo semanal (*newsletter*) coa axenda de actividades culturais programadas na escola, ao que calquera membro da comunidade escolar pode subscribirse voluntariamente a través do sitio web biblioteca.eoilugo.gal. A biblioteca abre para o público a partir do 16 de setembro de 2024. Durante o período non lectivo, este espazo estará pechado. O servizo de uso da biblioteca e préstamo será atendido polo profesorado do equipo até o último día de clase.

Durante este curso realizáronse varias melloras. Por unha banda, ampliouse a biblioteca coa anexión dunha sala contigua que permite diversificar o espazo e incorporar máis andeis para a colocación de material. Desde o punto de vista dos recursos, tamén se incorporaron tres computadores portátiles con acceso a Internet para seren empregados polo alumnado dentro da biblioteca e dúas lámpadas de mesa que melloran a iluminación. Por outra banda, entre as liñas de traballo prioritarias deste curso, no contexto do Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), figura a promoción da alfabetización mediática e informacional con varias accións, entre as que se inclúen sesións de formación e información sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais e servizo de acompañamento tecnolóxico para aquel alumnado que atope barreiras de aprendizaxe relacionadas co uso

da tecnoloxía, especialmente no marco do entorno virtual de aprendizaxe empregado na escola (Aula Virtual ou Moodle). Alén destas iniciativas, manteranse os programas de Club de lectura e de Bibliotecas Escolares Solidarias. Actualmente, o equipo de biblioteca conta con sete alumnos e alumnas que prestan servizo de voluntariado, mais este número seguramente variará porque pode incorporarse novo alumnado ao longo do curso.

O horario actual está cuberto polo profesorado encargado da biblioteca e o alumnado voluntario. O horario de apertura para o curso 2024/2025 é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 - 10.00	█			█	█
10.00 - 11.00	█	█		█	█
11.00 - 12.00	█	█	█	█	█
12.00 - 13.00	█	█	█	█	
13.00 - 14.00	█	█	█	█	
14.00 - 15.00	█				
15.00 - 16.00		█			
16.00 - 17.00		█	█	█	█
17.00 - 18.00		█	█	█	
18.00 - 19.00	█	█		█	
19.00 - 20.00	█		█	█	
20.00 - 21.00	█	█	█	█	

Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación da escola

Cada obxectivo leva xa o seu propio método de avaliación e temporización.

Extensión de Sarria

Durante o curso escolar 2024-2025 a extensión de Sarria da EOI de Lugo, conta con dous docentes e oferta un total de 5 grupos de inglés en ensino oficial presencial, 1 grupo oficial semipresencial e 2 obradoiros monográficos de destrezas orais de 60 horas para os niveis intermedio e avanzado.

CURSO	NÚMERO DE GRUPOS
Básico A1-A2	1
Intermedio B1	1
Intermedio semipresencial B1	1
Intermedio B2.1	1
Intermedio B2.2	1
Avanzado C1.1	1
Monográfico DD Oraís B2	1
Monográfico DD Oraís C1	1

Dos dous docentes que traballan na extensión neste curso académico, unha imparte 5 grupos oficiais incluída a novidade do semipresencial de B1 e o outro, que desempeña as funcións da xefatura de Estudos adxunta, imparte 2 grupos oficiais e os dous obradoiros monográficos. As aulas teñen lugar de luns a xoves dende as 16.00 ás 22.00.

O alumnado que asiste ás aulas en Sarria é moi heteroxéneo, de orixes, idades, bagaxes académicas, persoais e profesionais moi diversas. Houbo un aumento de máis do 35 % na matrícula total con respecto ao ano pasado, con 83 persoas matriculadas ao peche dos prazos. Acadouse unha alta ocupación no novo curso de acceso na extensión, o A1-A2, con 28 persoas matriculadas, e contamos con 14 persoas que asisten con moito interese aos obradoiros, outra das novidades da nosa oferta educativa neste curso xunto á implantación do B1 semipresencial, que veu substituír un horario presencial de tarde alternativo con escasa demanda.

Aulas

Todos os grupos-clase deste curso están localizados no primeiro andar en dúas aulas con ordenador de mesa para o profesor, encerado dixital, proxector, encerado convencional de xiz e instalación de altofalantes nas paredes das aulas. As aulas teñen fiestras exteriores e contan tamén con boa iluminación artificial.

Empréstito e consulta de materiais da biblioteca

Neste curso escolar, só un dos docentes conta con horario de dedicación á biblioteca da Sección de Sarria, que está dentro do departamento da Sección, con 2 horas de atención para empréstitos e/ou consultas. Mantense neste curso escolar a subscrición

á revista con acceso a material de escoita *Speak Up* para empréstito ao alumnado e agora contamos tamén con acceso aos recursos dixitais da publicación. Tamén está a disposición unha boa colección películas en versión orixinal en formato DVD que se viñan recibindo coa revista ata o curso pasado.

Ao longo do curso, desenvólvese quincenalmente como iniciativa de animación á lectura a actividade “biblioteca na aula”, levando ás aulas os fondos do nivel. O empréstito e devolución teñen lugar durante ás horas de atención á biblioteca, os martes e os xoves de 5 a 6 da tarde e tamén nas aulas. Contamos con que ao longo do presente curso se leve a cabo a integración no sistema de xestión KOHA que no seu día foi solicitada dende a vicedirección da escola e se nos facilite a formación para o seu uso. Durante o curso pasado a dirección da escola atendeu satisfactoriamente a nosa petición de renovación do equipo informático, que tiña problemas de actualización pola súa obsolescencia, o que empeceía a xestión.

Aínda que a pequena dependencia onde traballamos e se atopan os nosos fondos non conta con espazo dabondo para acoller alumnado como sala de lectura ou estudo, o alumnado conta tamén, dentro dos horarios e normas de uso establecidos polo IES Gregorio Fernández, con acceso á sala de lectura e, entre moitos outros, fondos de lecturas graduadas en inglés da biblioteca Fiz Vergara Vilariño, que se atopa no baixo do mesmo edificio.

Cadro docente

A extensión de Sarria ten dous profesores en horario completo.

Horario de atención da Xefatura de Estudos adxunta de Sarria:					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 9.00 a 10.30					XE
De 15.30 a 16.30				XE	
De 15.30 a 17.00		XE			

CADRO DE TITORÍAS DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS EN SARRIA					
Horas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 16.30 a 17.00				X	
De 17.30 a 18.00	X				
De 18.00 a 19.00				X	

HORARIO DO SERVIZO DE BIBLIOTECA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS EN SARRIA					
HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
17.00 h a 18.00 h		X		X	

EOI de Lugo

Programación Xeral Anual

Capítulo III

Curso 2024/2025

Índice

Participación do profesorado en programas de innovación educativa.....	3
Programa anual de formación do profesorado.....	4
Calendario de formación de inicio do curso 2024/2025.....	4
PFPP 2024/2025.....	4
<i>Membros do equipo de formación.....</i>	<i>4</i>
<i>Liñas de actuación propostas.....</i>	<i>5</i>
<i>Obxectivos xerais.....</i>	<i>5</i>
<i>Relación total de participantes no plan.....</i>	<i>5</i>
<i>Itinerarios.....</i>	<i>6</i>
Itinerario 1: Avaliación formativa: estratexias e aplicación. Liña 67 - Competencia didáctica.....	6
Seminario: Avaliación formativa: ferramentas e estratexias na EOI de Lugo.....	6
Itinerario 1: Emprego e integración de recursos dixitais con intelixencia artificial. Liña 66 - Competencia dixital.....	6
Seminario: Intelixencia artificial aplicada ao proceso de ensino-aprendizaxe na EOI de Lugo.....	7
<i>Critérios e indicadores de avaliación da aplicación e impacto.....</i>	<i>7</i>
Indicadores de avaliación da aplicación na aula.....	7
Indicadores de avaliación do impacto na aula.....	8
<i>Aplicación na aula/no centro.....</i>	<i>8</i>
<i>Medidas organizativas internas previstas se fose necesario.....</i>	<i>8</i>
<i>Seguimento e avaliación do plan.....</i>	<i>9</i>
Programa anual de actividades culturais e de promoción de idiomas.....	10
Protocolo de evacuación.....	30

Participación do profesorado en programas de innovación educativa

Programa de Auxiliares de Conversación:

- Fernando Vázquez López (director)
- Verónica Gaute Montes (xefa do Departamento de Inglés)
- Begoña Martínez Pena (xefa do Departamento de Alemán)
- Blandine Mouret (xefa do Departamento de Francés)

Programa de Voluntariado:

- Alma López Figueiras (responsable de Biblioteca)

PFPP:

- Fernando Vázquez López (director)
- María José Veiga Díaz (vicedirectora)
- María Elia Pérez Pérez (coordinadora)

Programa Erasmus+:

- María José Veiga Díaz (coordinadora)

Plan Dixital

- Elena Longo González (coordinadora)

Proxecta:

- Ana Belén López Pérez (coordinadora)
- María del Pilar Cordeiro Graña (docente)
- Alma López Figueiras (docente)
- Noemí García Rodríguez (docente)
- Marta García Martínez (docente)
- María Inmaculada Pérez-Carrillo López (docente)
- Laura Rodríguez Cochón (docente)
- Fernando Vázquez López (docente)

Programa anual de formación do profesorado

Calendario de formación de inicio do curso 2024/2025

Día 3: Salón de actos

Das 9.30 h ás 10.30 h. Reunión dos coordinadores e responsables de Biblioteca, TIC, EDLG, Redes Sociais, Convivencia, Igualdade e Proxectos Europeos para a organización do calendario de actividades culturais e de promoción e difusión dos idiomas do curso 2024/2025 no salón de actos, presentación e organización das actividades culturais e de promoción dos idiomas.

Día 4: Aula de informática

Das 10.00 h ás 10.55 h. **Uso de Audacity** na elaboración das probas de certificación para o profesorado novo, aínda que está aberto a todo o profesorado. **Angelina Gema Fernández**

Das 11.00 h ás 11.55 h. **Uso de Canva** na elaboración das probas de certificación para o profesorado novo, aínda que está aberto a todo o profesorado. **Ana Álvarez**

Das 12.00 h ás 13.30 h. Formación para o profesorado novo sobre a aula virtual, pantallas, tabletas e aparellos informáticos do centro. **Elena Longo**

Día 6: Aula de informática

Das 10.00 h ás 10.55 h. Elaboración das probas de certificación para o profesorado novo, aínda que está aberto a todo o profesorado. (Escolla de materiais, redacción de ítems etc.) **Rosario Carracedo**

Das 11.00 h ás 11.55 h, presentación da Biblioteca e primeira reunión do equipo. Realizará a presentación **Alma López**, coordinadora do equipo da biblioteca.

Das 12.00 h ás 12.55 h, presentación e primeira reunión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Realizará a presentación, **Ana Belén López**, coordinadora do EDLG.

Día 10: Aula de informática

Das 10.00 ás 11.00 h. Uso do libro de cualificacións na aula virtual, dirixido a todo o claustro. **Elena Longo**

Das 11.05 ás 12.00. Uso do editor de textos de Libre Office, dirixido a todo o profesorado. **María José Veiga**.

PFPP 2024/2025

Membros do equipo de formación

Apelidos e nome
Veiga Díaz, María José
Vázquez López, Fernando
Perez Perez, Maria Elia

Liñas de actuación propostas

- Competencia dixital
- Competencia didáctica

Obxectivos xerais

- Adquirir novos procedementos de avaliación formativa e estratexias para proporcionar feedback ao alumnado.
- Coñecer ferramentas de uso docente que empreguen intelixencia artificial.
- Coñecer ferramentas para que o alumnado mellore a súa autonomía na aprendizaxe e competencia dixital utilizando a intelixencia artificial.

Relación total de participantes no plan

	Apelidos e nome
1	Alonso García, Pino
2	Álvarez Meira, Ana María
3	Carracedo Varela, María del Rosario
4	Cordeiro Graña, María del Pilar
5	Costa Lamas, Tania
6	Fernández Bermúdez, Angelina Gema
7	Fernández Domínguez, Maria Veronica
8	Fernández Mouriz, María Ángeles
9	García Iglesias, Rocío
10	García Martínez, Marta
11	García Rodríguez, Noemí
12	Gaute Montes, Verónica
13	Lama Giménez, María
14	Longo Gonzalez, Elena Maria
15	López Figueiras, Alma
16	Martínez Corbillón, Ignacio
17	Martínez Pena, Begoña
18	Perez Perez, Maria Elia
19	Pérez-Carrillo López, María Inmaculada
20	Piñeiro Janeiro, Eva Cristina
21	Rodríguez Afreijo, Jennifer

22	Santalla Fernández, Antonio
23	Sepulveda Viera, Paula Nicole
24	Vázquez López, Fernando
25	Veiga Díaz, María José

Itinerarios

Itinerario 1: Avaliación formativa: estratexias e aplicación. Liña 67 - Competencia didáctica

Obxectivos:

- Adquirir procedementos de avaliación formativa.
- Adquirir estratexias para proporcionar un feedback de calidade

Contidos:

- Procedementos de avaliación formativa.
- Estratexias para proporcionar un feedback de calidade

Seminario: Avaliación formativa: ferramentas e estratexias na EOI de Lugo

Obxectivos:

- Adquirir coñecementos sobre procedementos e estratexias de avaliación formativa
- Adquirir coñecementos sobre estratexias para dar feedback de calidade ao alumnado
- Diseñar ferramentas para a avaliación formativa e proporcionar ao alumnado feedback

Contidos:

- Procedementos e estratexias de avaliación formativa
- Estratexias para proporcionar feedback de calidade
- Deseño de ferramentas de avaliación formativa e informes de progreso do alumnado

Itinerario 1: Emprego e integración de recursos dixitais con intelixencia artificial. Liña 66 - Competencia dixital

Obxectivos:

- Coñecer ferramentas de intelixencia artificial para o uso docente.
- Coñecer ferramentas de intelixencia artificial para o seu uso por parte do alumnado que melloren a súa autonomía e o desenvolvemento da súa competencia dixital.
- Elaborar materiais empregando ferramentas de intelixencia artificial.

Contidos:

- Ferramentas de intelixencia artificial para o uso docente.
- Ferramentas de intelixencia artificial para o seu uso por parte do alumnado que melloren a súa autonomía e o desenvolvemento da súa competencia dixital.
- Estratexias de uso da intelixencia artificial para fins docentes.

Seminario: Intelixencia artificial aplicada ao proceso de ensino-aprendizaxe na EOI de Lugo

Obxectivos:

- Coñecer ferramentas de intelixencia artificial para uso na aula.
- Coñecer ferramentas de intelixencia artificial para a mellora da autonomía de aprendizaxe do alumnado e da competencia dixital.
- Elaborar materiais empregando ferramentas de intelixencia artificial.

Contidos:

- Ferramentas de intelixencia artificial para empregar na aula.
- Ferramentas de intelixencia artificial para a mellora da autonomía da aprendizaxe e a competencia dixital do alumnado.
- Deseño de materiais empregando ferramentas de intelixencia artificial.

Criteria e indicadores de avaliación da aplicación e impacto

Indicadores de avaliación da aplicación na aula

Indicador	Itinerario	Característica	Criterio aceptación	Temporización
O profesorado participante é capaz de empregar diferentes estratexias para dar feedback de calidade ao alumnado.	Avaliación formativa: estratexias e aplicación.	Formación do profesorado para adquirir estratexias e proporcionar feedback de calidade ao alumnado	O 80 % do profesorado participante emprega, polo menos, unha estratexia nova dar feedback de calidade ao alumnado.	Ao rematar a formación
O profesorado participante é quen de empregar na súa práctica docente ferramentas de intelixencia artificial e dáas a coñecer ao alumnado para a mellora da súa autonomía da aprendizaxe e a súa competencia dixital.	Emprego e integración de recursos dixitais con intelixencia artificial.	Formación do profesorado en ferramentas de intelixencia artificial.	O 80 % do profesorado participante emprega na súa práctica docente ferramentas de intelixencia artificial e dáas a coñecer ao alumnado para a mellora da súa autonomía da aprendizaxe e a súa competencia dixital.	Ao rematar a formación
O profesorado participante é quen de empregar procedementos e estratexias de avaliación formativa na súa práctica docente.	Avaliación formativa: estratexias e aplicación.	Formación do profesorado para adquirir coñecementos sobre procedementos e estratexias de avaliación formativa.	O 80 % do profesorado participante emprega procedementos e estratexias de avaliación formativa na súa práctica docente.	Ao rematar a formación

Indicadores de avaliación do impacto na aula

Indicador	Itinerario	Característica	Criterio aceptación	Temporización
O profesorado participante é quen de deseñar materiais empregando as ferramentas de intelixencia artificial adquiridas durante a formación.	Emprego e integración de recursos dixitais con intelixencia artificial.	Formación do profesorado en ferramentas de intelixencia artificial.	O 80 % do profesorado participante deseña materiais empregando as ferramentas de intelixencia artificial adquiridas durante a formación.	Ao rematar a formación
O profesorado participante é quen de empregar o modelo de informe de progreso do alumnado elaborado seguindo as estratexias adquiridas. competencia dixital.	Avaliación formativa: estratexias e aplicación.	Formación do profesorado no deseño dun modelo de informe de progreso do alumnado empregando as estratexias adquiridas.	O 80 % do profesorado participante emprega o modelo de informe de progreso do alumnado elaborado seguindo as estratexias adquiridas.	Ao rematar a formación
O alumnado é quen de empregar ferramentas de intelixencia artificial para mellorar a súa autonomía na aprendizaxe e a súa competencia dixital.	Emprego e integración de recursos dixitais con intelixencia artificial.	Formación do profesorado en ferramentas de intelixencia artificial.	O 30 % do alumnado emprega ferramentas de intelixencia artificial para mellorar a súa autonomía na aprendizaxe e a súa competencia dixital.	Ao rematar a formación

Aplicación na aula/no centro

- O profesorado mellorará a súa capacidade de deseñar, seleccionar e empregar ferramentas de avaliación formativa.
- A reflexión sobre o que é a avaliación formativa e os seus beneficios na aprendizaxe do alumnado repercutirá positivamente nas aulas do profesorado participante. Ademais, o profesorado en xeral poderase beneficiar do documento modelo para realizar un informe de avaliación formativa de progreso, que se compartirá na plataforma Agueiro na páxina de documentación para o profesorado da escola.
- O material que se deseñe no seminario sobre Intelixencia Artificial incluírase nas aulas para a formación do profesorado que xa existen na aula virtual do centro e ás que ten acceso todo o profesorado da escola.
- A infografía de ferramentas IA que se elabore para que o alumnado adquira autonomía na súa aprendizaxe de linguas estranxeiras e que lle axuden a mellorar a súa competencia estratéxica compartirase tamén nunha aula virtual para o alumnado e incorporaranse ao Plan dixital do centro.

Medidas organizativas internas previstas se fose necesario

A franxa horaria entre as 12.00 h e as 15.00 h dos venres están reservadas para a realización das sesións de formación, sempre que non haxa outras reunións. As sesións do grupo de traballo tamén se poderán realizar noutras horas se o horario do profesorado participante o permite e sempre que estean de acordo os integrantes do equipo.

Seguimento e avaliación do plan

O seguimento do plan realizarase mediante postas en común dos participantes, enquisas e a través do seguimento que se fará coa persoa asesora no mes de marzo.

A avaliación final do plan realizarase a través das enquisas de FProfe e coa persoa asesora.

Programa anual de actividades culturais e de promoción de idiomas

O equipo de actividades culturais e de promoción de idiomas está composto por membros de todos os departamentos, que colaboran no deseño de actividades para a comunidade escolar e para a promoción dos idiomas dentro e fóra da escola. Destacamos a importancia da coordinación de todos os departamentos a través da CCP e da Vicedirección para a elaboración dun programa cultural conxunto, reflexionado, organizado e axeitado ás necesidades do centro. Ademais, a Vicedirección ocúpase de apoiar os departamentos lingüísticos na organización das actividades e de coordinar aquelas actividades en que participan varios departamentos. Para este curso establécese unha reunión semanal da Vicedirección coas coordinacións de EDLG, Biblioteca, Igualdade e programas internacionais para concretar a organización das actividades de xeito consensuado e repartir mellor as tarefas.

- Promoción da escola noutros centros educativos da cidade.
- Concertos ou outro tipo de actividades multilingües.
- Actividades en colaboración con outras entidades. Este ano proseguiremos coa colaboración cos Códex Cinema. Tentaremos levar o alumnado de todas as linguas, polo menos, a unha proxección dun filme na súa lingua de estudo.
- Colaboración con centros de educación secundaria ou de ensinanzas especiais: colaboración entre bibliotecas, EDLG, clubs de lectura e entre departamentos para actividades concretas (en colaboración co EDLG do CMUS de Lugo, entre outras).

O Equipo de Dinamización da Biblioteca, o ELDG, a responsable de Igualdade e a coordinación de Programas Internacionais actúan como eixe vertebrador da actividade cultural do centro aglutinando todos os departamentos baixo o mesmo paraugas. Así mesmo, promove outras actividades que esixen a participación de todos os departamentos, como, por exemplo:

- Celebración de datas sinaladas.
- Visibilización da violencia de xénero, das enfermidades mentais ou das discapacidades.
- Día do teatro, da poesía, da tradición oral...
- Conmemoracións como o Día das Letras Galegas e semellantes
- Club de Lectura *Ratos de Rochoteca*.
- Rede de voluntariado de aprendizaxe servizo.
- Radio Escolar. Grazas á colaboración dos diferentes equipos de dinamización da escola, realizaranse diferentes podcasts.

Actividades anuais

Actividade	Obxectivos	Temporización	Responsable e colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
Cinema en versión orixinal con posterior cinefórum	Achegar o alumnado á cultura cinematográfica actual nas linguas que se estudan na escola.	No primeiro cuadrimestre, sempre que sexa posible.	Vicedirección, Biblioteca e departamentos en colaboración cos Códex Cinema.	Esta actividade realizarase en todas as linguas, sempre e cando haxa filmes dispoñibles.	
Club de lectura de alemán para o alumnado dos niveis intermedio e avanzado.	Achegar o alumnado á literatura en alemán.	Frecuencia mensual	Departamento de Alemán en colaboración coa Biblioteca.	Tema: <i>Reise durch Deutschland</i> . Seguirase o modelo dos círculos de lectura.	
Club de lectura de chinés para todo alumnado da escola.	Achegar o alumnado á cultura chinesa.	Frecuencia mensual	Departamento de Chinés en colaboración coa Biblioteca.	Libros: <ul style="list-style-type: none"> • <i>Cocina casera china</i> • <i>Últimas cartas desde Montmartre</i> 	
Club de lectura de francés para o alumnado dos niveis intermedio e avanzado.	Achegar o alumnado á literatura en francés.	Frecuencia quincenal	Departamento de Francés en colaboración coa Biblioteca.	Libros: <ul style="list-style-type: none"> • <i>Un animal sauvage</i> • <i>Le liseur du 6h27</i> 	
Club de lectura de galego para o alumnado dos niveis intermedio e avanzado.	Achegar o alumnado á literatura galega. Practicar a expresión oral e a comprensión de textos escritos.	Unha sesión para cada libro	Departamento de Galego en colaboración coa Biblioteca.	Libros: <ul style="list-style-type: none"> • <i>O incendio</i> • <i>A noite das cebolas</i> • <i>Proposta de lectura</i> (Antón Riveiro Coello) por definir • <i>O souto dos catro ventos</i> (vinculado a roteiro literario pola Ribeira Sacra) por definir 	
Club de lectura de inglés para o alumnado dos niveis intermedio e avanzado.	Achegar o alumnado á literatura en inglés. Practicar a expresión oral e a comprensión de textos escritos.	Nos meses de marzo e abril	Departamento de Inglés en colaboración coa Biblioteca.	English Book Clubs: <ul style="list-style-type: none"> • <i>Where the Crawdads Sing</i> by Delia Owens (C1&C2) • <i>Fahrenheit 451</i> by Ray Bradbury (B2&C1&C2) 	
Club de lectura de italiano para o alumnado.	Achegar o alumnado á literatura en italiano. Practicar a expresión oral e a	Unha sesión por libro	Departamento de Italiano en colaboración coa Biblioteca.	Libros: <ul style="list-style-type: none"> • <i>I leoni di Sicilia</i> • <i>Le otto montagne</i> • <i>I miei stupidi</i> 	

	comprensión de textos escritos.			<i>intenti</i> • <i>Le quattro ragazze Wieselberger</i>	
Club de lectura de profesorado e persoal non docente	Achegar o persoal á literatura universal e crear cohesión entre o persoal.	Tres sesións en novembro, febreiro e abril	Biblioteca	Libros: • <i>A vexetariana</i> • <i>O canguro alcohólico</i>	
Proxecto anual sobre a inmigración galega cara a países francófonos			Departamento de Francés		
Club de lectura de EDLG sobre teatro radiofónico .		Segundo cuatrimestre.	EDLG e Biblioteca	<i>Temporización e obra dramática galega por determinar, mais estaría contextualizado no Día mundial do teatro (27 de marzo)</i>	

Posibles actividades puntuais

Actividade	Obxectivos	Temporización	Responsable e colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
Viaxes culturais	Achegar o alumnado ás culturas nas diferentes linguas da escola	Sen determinar	Departamentos en colaboración coa Vicedirección.	Respectaranse as normas establecidas nas NOF.	
Relatorios ou coloquios en diferentes linguas.	Achegar unha visión máis polo miúdo de determinados temas de interese para o alumnado.	Sen determinar. Posiblemente, relacionados con datas sinaladas no ano.	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca en colaboración coa Vicedirección.	Sempre que a persoa relatora non teña un prezo establecido, o pagamento será de 65 €/hora.	
Demostracións e/ou obradoiros en diferentes linguas.	Achegar ao alumnado aspectos prácticos da cultura dos países da lingua que estudan (papel recortado, manualidades, caligrafía chinesa, cociña etc.)	Sen determinar. Posiblemente, relacionados con datas sinaladas no ano.	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca en colaboración coa Vicedirección.	Estas actividades poderán ser presenciais ou telemáticas.	
Exposicións de temas relacionados con festividades e outros temas de interese para o alumnado.	Adquirir novos coñecementos sobre aspectos relevantes da sociedade, da cultura, historia e outros eventos dos países en que se falan as linguas da escola.	Sen determinar. Posiblemente, relacionados con datas sinaladas no ano ou con outras actividades.	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca en colaboración coa Vicedirección.	Estas exposicións pódense realizar nos corredores para aproveitar o espazo e poderán estar relacionadas con outras actividades do centro.	
Celebración do aninovo chinés e/ou outras festividades chinesas.	Achegar ao alumnado as festividades chinesas.	Sen determinar	Departamento de chinés		
Proxeccións de cine ou outros materiais audiovisuais chineses.	Achegar ao alumnado a cultura chinesa.	Sen determinar	Departamento de Chinés		
Clubs de conversa.	Practicar a expresión oral na lingua obxecto de estudo.	Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.		
Saídas a exhibicións, eventos e/ou lugares de interese para o alumnado, que estean relacionados co currículo ou coa lingua obxecto de estudo.	Achegar ao alumnado aspectos prácticos da cultura dos países da lingua que estudan.	Sen determinar	Departamentos, igualdade ou biblioteca.		

Exposicións e/ou concursos de traballos realizados polo alumnado.	- Motivar o alumnado a compartir os resultados da aprendizaxe co resto da comunidade escolar e promover a aprendizaxe das linguas. - Practicar a expresión escrita e a expresión oral. - Fomentar a cohesión grupal.	Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.	Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola.	
Actividades lúdicas (buscas de tesouro...) e/ou visitas guiadas fóra do centro.	Motivar o alumnado a aprender co resto da comunidade escolar e promover a aprendizaxe das linguas fóra do centro.	Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.	Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola.	
Espectáculos relacionados coa cultura e a sociedade da lingua de estudo, dentro e fóra do centro.	Achegar o alumnado ás culturas nas diferentes linguas da escola.	Sen determinar	Departamentos, igualdade ou biblioteca.	Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola.	
Actividades con centros educativos da contorna.	Promover o estudo de linguas na EOI de Lugo fóra do centro.	Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.	Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola.	
Podcast do alumnado.	Practicar as destrezas orais/escritas.	Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.	Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola.	
Presentación do traballo dalgunha asociación ou entidade lusófona.		(xaneiro - maio)	Departamento de Portugués		
Presentacións de libros		Sen determinar	Departamentos, Igualdade ou Biblioteca.		

Setembro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Responsable e colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
Xornada de presentación de proxectos europeos na biblioteca Mural colaborativo: Que consellos lle darías a unha persoa que está comezando a aprender unha lingua?	Dar a coñecer o proxecto KA122 que se desenvolverá durante este curso.	26/09 <i>Día Europeo das Linguas</i>	Biblioteca, en colaboración coa Coordinación de Programas Internacionais.		
Actividade de cata de libros.	Dar a coñecer os recursos da Biblioteca	28/09 <i>Día Internacional do Dereito de Acceso á Información</i>	Biblioteca	Realización prevista entre o 28/09 e o 24/10 <i>Día das bibliotecas</i>	
Exposición de libros na biblioteca Charla/contido para blog ou radio escolar sobre tradución feminista con María Reimóndez ou outra tradutora comprometida co xénero.		30/09 <i>Día Internacional da Tradución</i>	Biblioteca	De non poder organizar o evento nesta data, sería posposto para relacionalo co 14/10 <i>Día das escritoras</i> , co 25/11 <i>Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller</i> , co 11/02 <i>Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia</i> , ou co 08/03 <i>Día Internacional da Muller</i> Nota orzamentaria: 70 euros por posible relatorio	
Semana do cine de autor.	- Practicar a comprensión e expresión oral. -Fomentar o coñecemento da cultura galega.	Durante a semana do cine de autor en Lugo	Departamento de Galego		

Outubro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
<p>- <i>Concurso de microrrelatos arrepiantes</i> (7ª edición). Mantéñense as bases, aínda que salientando que os microrrelatos poden ser en prosa ou en verso. Unha vez rematado o concurso, contactarase co alumnado participante para realizar un podcast cos microrrelatos.</p>		<p>Festividades de San Froilán e Samaín Previsión: entre os días 4 e 31 de outubro</p>	<p>Biblioteca en colaboración coas coordinacións de EDLG e Igualdade</p>	<p>Nota orzamentaria: adquisición de oito libros para agasallar ao alumnado co mellor microrrelato en cada lingua (100-150 euros, aproximadamente)</p>	
<p>- Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados con mulleres escritoras - Contido para blog ou radio escolar relacionado con mulleres escritoras (proposta en italiano: os/as alumnos/as presentan escritoras que lles gustan e len fragmentos de obras) - Entrevista a poeta lucense/Mesa redonda</p>		<p>14/10 <i>Día das Escritoras</i></p>	<p>Biblioteca e Departamento de Italiano + EDLG</p>	<p>- Lectura conxunta co alumnado na biblioteca de textos seleccionados de escritoras italianas para celebrar o <i>Día das Escritoras</i>. (15 de outubro)</p>	
<p>- Presentación do programa de club de lectura no blog e nas redes sociais, así como aula por aula (entrega de marcapáxinas ao alumnado, con información de utilidade sobre as sesións do club de lectura) - Contido para blog ou radio escolar relacionado con bibliotecas</p>		<p>24/10 <i>Día das Bibliotecas</i></p>	<p>Biblioteca</p>	<p>Nota orzamentaria: impresión de marcapáxinas (50-100 euros, aproximadamente)</p>	

- Contido para blog ou radio escolar relacionado coa viaxe e obra de Lorca en Galicia (formato acaído para podcast: <i>Versos nómades</i>)		25/10 <i>Día de García Lorca en Galicia</i>	Biblioteca, EDLG e Igualdade		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais	Presentar as oportunidades de aprendizaxe na radio escolar	Actividade mensual (14/10)	Biblioteca		
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
-Lectura de contos de medo breves -Concurso de relatos curtos de medo		28 e 29 outubro	Departamento de ELE	Agasallos Doces Marcapáxinas Chapas Orzamento: 50€	
Selección de poemas: <i>O tendal da poesía</i> (EOI + votación presencial e en liña).	Celebrar o día da tradución.	30/11 <i>Día da Tradución</i>	EDLG	Actividade enmarcada no proxecto Proxecta+	
Semana do gusto.	Coñecer e poñer en práctica algúns sabores típicos de países francófonos. Coñecer outro alumnado de francés.	14-18 outubro	Departamento de Francés	Degustación e xogos arredor da temática da comida e dos sabores.	
Halloween: Scavenger hunt	Achegar ao alumnado as culturas dos países de fala inglesa.	Luns 28 e martes 29 outubro (todo o día)	Departamento de Inglés	100 €	
<i>Autumn on the Way.</i> Concurso de fotografía sobre o Camiño de Santiago en outono.		Recepción de orixinais ata o 31 de outubro.	Departamento de Inglés – Extensión de Sarria	As fotos deben levar un pé en que se inclúa o título e un texto orixinal descritivo ou poético en inglés de entre 30 e 50 palabras inspirado na imaxe. Exposicións física e virtual das obras finalistas. Orzamento: 50 euros.	

Novembro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados coa ciencia - Música e poesía, pímulas curativas (poemas + QR con pezas musicais) - Contido para blog ou radio escolar relacionado coa biblioterapia e a musicoterapia (o poder curativo da lectura e a música)	Distribuír poemas e música con fins curativos en sobreciños na EOI, no CMUS e en negocios da cidade.	Mes da Ciencia en Galego	Biblioteca en colaboración coa coordinación de EDLG	Distribución de poemas e música en sobreciños na EOI, no CMUS e en negocios da cidade.	
- Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados coa ciencia - Contido para blog ou radio escolar relacionado coa situación da muller no mundo		25/11 <i>Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller</i>	Biblioteca en colaboración coa coordinación de Igualdade		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais	<i>Resolver as dúbidas sobre a Aula Virtual.</i>	14 de novembro, 13.00H-14.00h	Biblioteca	<i>Introdución ao noso entorno virtual de aprendizaxe.</i>	
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Almorzo ou merenda alemá	Coñecer e poñer en práctica algúns costumes típicos de países de fala alemá.	Un martes deste mes	Departamento de Alemán	Xuntarse alumnado de diferentes grupos e niveis. Orzamento: 50€.	
Inicio dun proxecto anual sobre a inmigración galega cara a países francófonos.			Departamento de Francés		
Thanksgiving: Actividades na aula	Achegar ao alumnado as culturas dos países de fala inglesa.	25-29 novembro	Departamento de Inglés		
<i>Local Shopper Hits</i> “. Podcast de recensións en inglés de establecementos		Finais de novembro (Black Friday 29/11)	Departamento de Inglés – Extensión de Sarria	Recensións en inglés de establecementos comerciais da vila	

comerciais da vila de Sarria e concellos da contorna				de Sarria e concellos da contorna gravadas en audio polo alumnado destacando a cualidade, variedade, sostibilidade e outros valores positivos dos seus produtos e servizos. Aberto tamén á participación do alumnado do IES Gregorio Fernández. Publicación en aulas virtuais e nos medios radiofónicos da escola e do instituto.	
Obradoiro de elaboración de xabóns artesanais ou Obradoiro de gastronomía italiana, en que se aprenderán os segredos da preparación da pasta ou da pizza, coa posibilidade dunha saída e cata de produtos típicos.	Permitir ao alumnado o contacto con falantes nativos e diversos aspectos socioculturais italianos. Mellorar as capacidades orais e a motivación do alumnado actual. Atraer novo alumnado ao estudo da lingua.	Data por determinar	Departamento de Italiano		
Viaxe a Portugal sábado e domingo		Data por determinar (setembro-décembro)	Departamento de Portugués	Para alumnado de portugués. Unha noite fóra, saíndo o sábado pola mañá e regresando o domingo á noite.	
Saídas con alumnado a actividades que teñan que ver coa lingua e a cultura lusófonas, organizadas por outros organismos diferentes á EOI de Lugo.		Data por determinar (setembro-décembro)	Departamento de Portugués		

Decembro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Contido para blog ou radio escolar relacionado coa linguaxe de signos. - Bo NaGal "Axúdanos a sacar un sorriso aos anciáns/nenos de X".	Participar en proxectos que leven a escola a fóra.	03/12 <i>Día Internacional das Persoas con Discapacidade</i>	Biblioteca e EDLG en colaboración coa responsable de Igualdade	Elaboración de postais dirixidas a unha comunidade (residencia de anciáns, hospital ou similar). A entrega farase co CMUS que se encargará de pór música ao acto.	
- Actividade co alumnado voluntario da biblioteca		05/12 <i>Día Internacional do Voluntariado</i>		Nota orzamentaria: en función da actividade, pódense destinar fondos a comprar material festivo ou agasallos.	
- Árbore dos desexos, de cara ao Aninovo		10/12 <i>Día Internacional dos Dereitos Humanos</i>	En colaboración coa coordinación de Igualdade		
- Concurso de cita a cegas (5ª edición).	Promover a lectura.	Véspera de Nadal	Previsión: entre os días 9 e o 20 de decembro para levar prestados libros/DVD, entre o 20 de decembro e o 12 de xaneiro para realizar a actividade sobre o libro/DVD que se propoña para participar no sorteo.	O alumnado leva prestado un libro envolto como agasallo, sen coñecer título ou autoría, soamente lingua e nivel recomendado. Logo, para participar no sorteo dun premio, deberá realizar unha actividade. Nas edicións anteriores, esa actividade consistía en responder un cuestionario sobre o libro, pero podemos pedir un comentario en vídeo a modo de <i>booktube</i> .	
- Encontro virtual ou presencial con autoras dos libros do club de lectura de galego: Sara Vila e Rosa Aneiros		Primeiro cuadrimestre	Biblioteca		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais	<i>Aprender como gravar tarefas de produción oral e envialas a través da Aula Virtual</i>	12 de decembro, 11.00h-12.00h	Biblioteca	<i>Introdución ás ferramentas de gravación de voz.</i>	
- Sesión de xogos de		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo	

mesa				por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Concurso culinario		Mércores 18 ás 11.00 h e xoves 19 ás 11.00 h.	Departamento de ELE	Agasallos: 2 cestas de produtos españois + chapas Orzamento: 100 €	
Obradoiro de Nadal	Coñecer as tradicións xermánicas na época antes do Nadal	Pendente de fixar	Membros do Departamento de Alemán, lectora, colaboración externa		
Mercado de Nadal	Vender as pezas elaboradas no taller de Nadal coa lectora para unha organización sen ánimo de lucro		Membros do Departamento de alemán, lectora, colaboración do alumnado	Orzamento: 40 €	
Festa do Nadal (coma nos países de fala alemá)	Coñecer como se vive o Nadal en Austria, Alemaña e Suíza	Unha ou dúas semanas antes do Nadal , festa de Nadal nos días anteriores as vacacións de Nadal	Membros do departamento de alemán, lectora, colaboración do alumnado	Orzamento: 100 € para material bibliográfico, doces típicos, decoración, premios Responder un quiz temático (Quizziz ou Kahoot) Recompilación de receitas típicas do Nadal e elaboración propia de doces típicos para a festa de Nadal. Cancións típicas da época (Weihnachtslieder) ou sketches relacionados - obradoiro/ manualidades de figuras típicas do Nadal	
Celebración do Nadal.	Coñecer como se vive o Nadal nos países francófonos.	Semana do 16 ao 20 de decembro.	Departamento de Francés	Orzamento: 100 € até finais de decembro de 2024. Haberá xogos e actividades lúdicas en torno a temática desa celebración.	
Concurso sobremesas de Nadal		Mércores 18 ás 10.30h e xoves 19 ás 19.30h	Departamento de Inglés en colaboración co Departamento de ELE	Orzamento: 100 €	
Festa de Nadal	Descubrir as tradicións italianas do Nadal.	Data por determinar	Departamento de Italiano	Poderase facer algún concurso, preparar algún doce típico e cantar panxoliñas.	

Xaneiro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Contido para blog ou radio escolar. - Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados coa educación para a paz.		24/01 <i>Día Internacional da Educación</i>	Biblioteca en colaboración coa coordinación de EDLG		
		30/01 <i>Día Escolar da non Violencia e a Paz</i>	Biblioteca		
- Contido para blog ou radio escolar. - Contactar coa Fundación Castelao		30/01 <i>Día de Castelao</i>	Biblioteca e EDLG		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais	<i>Elaborar mapas mentais e conceptuais como técnica de estudo de linguas.</i>	17 de xaneiro, 11.00h-12.00h	Biblioteca		
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Club de lectura na aula de ELE	Achegar a literatura en español ao alumnado de ELE.	Pendente de confirmar	Departamento de ELE	Marcapáxinas para os asistentes Orzamento: 10€	
Knolling Contest. Concurso de knolling literario/de afeccións. Exposición física no centro.		Mes de xaneiro 2025	Departamento de Inglés – Extensión de Sarria	Fotos cenitais de escolmas de obxectos relacionados cunha obra lida ou cunha afección, arranxados dun xeito ordenado e estético, acompañadas de vídeo explicando en inglés a escolma e o proceso. Aberto tamén ao alumnado do IES. Orzamento: 50 €	

Febreiro

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados con ciencia e feminismo.		11/02 <i>Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de Igualdade		
- Obradoiro de radio - Contido para blog ou radio escolar (idea de serie radiofónica sobre mulleres con historias persoais ou profesionais de interese dentro da comunidade educativa) - Podcasts cos poemas seleccionados para o plan Proxecta+.		13/02 <i>Día Mundial da Radio</i>	Biblioteca e EDLG	Esta actividade pode organizarse antes, de cara a formar a alumnado e profesorado para que gañen autonomía na realización de contidos para a radio escolar e os proxectos en curso.	
- Exposición de libros e DVD da biblioteca relacionados coa lingua galega.		21/02 <i>Día da Lingua Materna</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de EDLG		
- Entrea dun poema de Rosalía + QR música + unha flor - Contido para blog ou radio escolar (lectura de poemas rosalianos, episodio do podcast <i>Versos nómades...</i>) - Recital de poemas de Rosalía nun acto conxunto co CMUS e o CDAN.		23/02 <i>Día de Rosalía</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de EDLG		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais		Actividade mensual	Biblioteca	Data, tema e enfoque por determinar	
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Caza do tesouro sobre o carnaval		26 e 27	Departamento de ELE	Agasallo aos equipos gañadores (grupo de A2 e B1) 50 €	
Karneval im deutschsprachigen	Coñecer máis de cerca as tradicións	Unha ou dúas semanas antes do	Departamento de Alemán	Orzamento: 60 €	- Tralallo previo de vocabulario e

Raum aula e exposición (Entroido nos países de fala alemá)	do Entroido	Entroido 2025			pescuda sobre as tradicións. - Visionado da exposición sobre a temática. - Cuestionario sobre a temática.
Celebración do Entroido.	Coñecer máis de cerca as tradicións do Entroido	Semana do 24 de febreiro.	Departamento de Francés		Organizarase a preparación de "crêpes" na aula co alumnado de A1 e A2
Viaxe cultural ao Reino Unido	Achegar ao alumnado as culturas de fala inglesa		Departamento de Inglés		
Charla e mesa redonda sobre o <i>Día da Muller e da Nena na Ciencia</i> coa participación de alumnas e ex alumnas que traballan no ámbito da Ciencia.		Data por determinar	Departamento de Italiano		

Marzo

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Exposición de libros e DVD da biblioteca - Contido para blog ou radio escolar		08/03 <i>Día Internacional da Muller</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de Igualdade		
- Exposición de libros e DVD da biblioteca		20/03 <i>Día Mundial da Narración Oral</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de EDLG		
- Obradoiro de declamación poética na biblioteca - [Concurso de poesía vertical] -		21/03 <i>Día mundial da Poesía</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de EDLG		
- Exposición de libros e DVD da biblioteca		31/03 <i>Día Internacional da Visibilidade Trans</i>	Biblioteca		
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais		Actividade mensual	Biblioteca	Data, tema e enfoque por determinar	
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Visita guiada polos puntos máis interesantes da cidade.		Pendente de confirmar	Departamento de ELE	Orzamento aínda sen concretar	
Ostern und die Ostereier obradoiro (A Pascua e a tradición dos ovos de Pascua)	Confeccionar os ovos de Pascua e aprender o significado da Pascua	Antes das vacacións de Semana Santa.	Os membros do Departamento de Alemán a lectora	40 € (material de bricolaxe) 60 € en premios 1º premio 2º premio 3º premio	- Coñecer a tradición nos países de fala alemá. - Recopilación de ideas e deseños para decorar os ovos - Elaboración de ovos de Pascua e posterior exposición - Votación - entrega de premios
St Patrick's Day: Pub Quiz	Achegar ao alumnado as culturas de fala inglesa	Luns 17 marzo, ás 10.30 h e 19.30 h	Departamento de Inglés	Orzamento: 50 €	
Il segreto di Raffaella, un seminario sobre a famosa artista italiana Raffaella Carrà a cargo do actor e narrador Simone Negrin.		Data por determinar	Departamento de Italiano		

Abril

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Contido para blog ou radio escolar - Visita guiada ao museo provincial		01/04 <i>Día das Artes Galegas</i>	Biblioteca en colaboración co EDLG.	Este día está dedicado a Isaac Díaz Pardo.	
- Exposición de libros e DVD da biblioteca. - Club de lectura en inglés sobre a novela <i>Fahrenheit 451</i>		23/4 <i>Día Internacional do Libro e dos Dereitos de Autor</i>	Biblioteca		
- Roteiro literario pola Ribeira Sacra, inspirado na obra <i>O soto dos catro ventos</i> , de María Oruña (club de lectura de galego) - Contido para blog ou radio escolar relacionado coa experiencia		Meses de primavera	Biblioteca	Nota loxística: saída fóra do centro educativo e viaxe dentro no territorio nacional	
- Viaxe de observación de profesorado e alumnado voluntario da biblioteca a unha biblioteca de Portugal. - Contido para blog ou radio escolar relacionado coa experiencia de observación.		Meses de primavera	Biblioteca	Nota loxística: saída fóra do centro educativo e viaxe fóra do territorio nacional.	
- Sesión sobre novas tecnoloxías e recursos dixitais		Actividade mensual	Biblioteca	Data, tema e enfoque por determinar	
- Sesión de xogos de mesa		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma, data e xogo por determinar	
- Sesión de lectura en silencio		Actividade mensual	Biblioteca	Idioma e data por determinar	
Concurso de redacción e fotografía, no que o alumnado falará sobre o seu lugar favorito de Lugo.		1-23 abril	Departamento de ELE	Agasallo (grupo de A2 e B1) Libros para celebrar o <i>Día do Libro</i> Orzamento: 50 €	
Knolling literario		1-23 abril	Departamento de	Orzamento: 50 €	

			Inglés		
Spring Stroll. Saída do centro nunha andaina cultural apta para persoas con mobilidade reducida pola vila de Sarria.		Xoves 10 de abril, antes das vacacións de Semana Santa	Departamento de Inglés – Extensión de Sarria	As parellas de alumnado que farán de guías en inglés terán preparado o percorrido escollendo os lugares de parada e elaborando os textos informativos dos lugares de interese cultural ou natural. Padlet compartido para fotos e comentarios en inglés da experiencia.	
Europe Rocks!. Concurso de composición escrita sobre o tema What I like about Europe.		26 de abril a 9 de maio (Europe Day)	Departamento de Inglés – Extensión de Sarria	Orzamento: 50 €	
Obradoiro sobre o Slow food cun nativo con posible saída ao mercado municipal de Lugo para aprender a facer unha compra máis ecosostible.		Data por determinar	Departamento de Italiano		

Maio

Actividade	Obxectivos	Temporización	Colaboración	Observacións e orzamento	Avaliación
- Contido para blog ou radio escolar relacionado coa censura e a manipulación informativa.		03/05 <i>Día Mundial da Prensa</i>	Biblioteca		
- Exposición de libros e DVD da biblioteca. - Proxección do documental <i>Dorothé na vila</i> xunto ao CMUS Xoán Montes - Contido para blog ou radio escolar - Evento de música e poesía xunto ao CMUS Xoán Montes (acto público cos resultados do Proxecta+) - Exposición enviada pola Xunta - Invitación a unha cantareira		17/05 <i>Día das Letras Galegas</i>	Biblioteca en colaboración coa Coordinación de EDLG		
Saída para coñecer elementos característicos da paisaxe de Lugo.		Pendente de confirmar	Departamento de ELE	Pendente de confirmar	
Presentación do proxecto iniciado en novembro sobre a inmigración.		Pendente de confirmar	Departamento de Francés		
Obradoiro de baile tradicional galego	-Fomentar o coñecemento da cultura galega. -Difundir as tradicións propias.	Por determinar			

Protocolo de evacuación

Dende o curso 2015-16 hai un resumo do protocolo de evacuación que pode consultar toda a comunidade educativa na páxina web, para que saiba como actuar en caso de emerxencia. Durante o curso 2023-2024 fíxose unha actualización deste protocolo de evacuación para adaptalo á normativa vixente. Está previsto un simulacro de evacuación en sesión de mañá e tarde durante o primeiro trimestre do curso actual.

Plan anual de lectura

EOI de Lugo

2024-2025

Sumario

Introdución.....	3
Obxectivos. Fundamentación.....	3
Organización de espazos e tempos para a lectura.....	4
Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca no centro.....	5
Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.....	5
Club de lectura.....	5
A hora de ler.....	6
Plan de lectura que propoñen os departamentos lingüísticos e EDLG.....	6
Departamento de alemán.....	6
Departamento de chinés.....	7
Departamento de español para estranxeiros.....	8
Departamento de francés.....	8
Departamento de galego.....	9
Departamento de inglés.....	10
Departamento de italiano.....	11
Departamento de portugués.....	12
Departamento de EDLG.....	13
Recursos e materiais.....	13

Introdución

A lectura é unha das principais fontes de coñecemento. Axúdanos a comprender o mundo, a comunicarnos e a pensar de xeito crítico e creativo. É, polo tanto, unha actividade transversal necesaria para adquirir competencia comunicativa nas linguas que se estudan na escola. Tendo isto en conta, tentaremos potenciar o hábito lector no alumnado, tanto na aula como a través das actividades culturais, de ocio e lecer, que organice a biblioteca: club de lectura, exposicións de libros e películas relacionadas con días internacionais e outras datas sinaladas do calendario, publicacións no blog da biblioteca, podcasts da radio escolar, encontros con autores e autoras, concursos, rutas literarias...

Así pois, concibimos o plan de lectura como unha estratexia que procure buscar sentido ao que se le, que fomente a lectura libre, informal, creativa e espontánea, que favoreza a autoaprendizaxe e a inmersión lingüística, que empregue todos os recursos, medios e formatos, que conte cun equipo educativo comprometido que estimule o interese e desenvolva a sensibilidade do alumnado transmitíndolles e facéndolles descubrir as súas propias emocións e impresións como lectores/as, sendo sempre protagonistas da súa propia aprendizaxe.

Contemplaremos distintos tipos de lectura: a lectura comprensiva, a lectura como instrumento de aprendizaxe (para informarse e comunicarse), a lectura expresiva, a lectura lúdica, a lectura creativa, a lectura reflexiva, as TIC... e atenderemos ás seguintes demandas: literatura xuvenil, literatura clásica e moderna, poesía e teatro, cómics e álbums, libros informativos, prensa e revistas, filmes e música, tendo sempre presente a accesibilidade, a perspectiva de xénero e a normalización e dinamización da lingua galega. Neste sentido, incidiremos tamén no galego como lingua que abre as portas da lusofonía.

Este plan está deseñado con enfoque de continuidade, non como medida excepcional. O Plan Anual de Lectura está integrado na Programación Xeral Anual (PXA) e tamén está en consonancia co Proxecto Lector incluído no Proxecto Educativo do Centro (PEC), a través do cal se require a participación de todo o profesorado, a colaboración da Administración e a implicación do alumnado. Neste curso 2024/2025, o noso compromiso é seguir desenvolvéndoo coa perspectiva de melloralo, dinamizalo e profundar no mesmo o próximo curso.

Obxectivos. Fundamentación

Os obxectivos específicos e intrínsecos do Proxecto Lector son os seguintes:

- Desenvolver a competencia lectora do alumnado, especialmente nas linguas que son obxecto de estudo.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura de todo tipo de textos en todo tipo de soportes.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas nas linguas de estudo.

Tendo presentes estes obxectivos, o equipo de biblioteca e os departamentos didácticos presentan este Plan Anual de Lectura, que está en liña coas prioridades de actuación da PXA e contribúe a:

- Compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece fóra da aula por motivos de traballo, de enfermidade ou accidente, a través do programa de voluntariado (modalidade de aprendizaxe-servizo).
- Transformar as aulas, os corredores, a biblioteca e as demais dependencias do centro en espazos agradables de convivencia, como por exemplo a través de exposicións itinerantes.
- Impulsar o interese pola lecto-escritura desde a biblioteca a través de proxectos comúns a todas as linguas: club de lectura, radio escolar e outras actividades que se detallan na programación de actividades da biblioteca.

Por oitavo ano consecutivo, a biblioteca da escola está incluída no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe). Ademais, participa desde o curso 2015/2016 no programa Bibliotecas Escolares Solidarias con alumnado voluntariado e continúa comprometida co programa de Club de lectura.

Organización de espazos e tempos para a lectura

A biblioteca é moito máis que unha sala de lectura: está concibida como lugar de encontro para a comunidade escolar, sendo así unha extensión do espazo de ensino e aprendizaxe das aulas e un referente cultural na propia escola. A partir deste curso 2024/2025, tras as obras de anexión da antiga aula de estudo á biblioteca, conta con máis metros cadrados e dous espazos interdependentes que permiten desenvolver diversas actividades ao mesmo tempo. A sala contigua está concibida como espazo especialmente polivalente, xa que nela se atopa o equipo de gravación da radio escolar e os sofás para o desenvolvemento do club de lectura. Tamén é lugar de encontro para o alumnado que desexe traballar en equipo ou precise utilizar algún dos ordenadores portátiles que pon a dispoñibilidade a biblioteca no seu espazo.

Respecto do espazo de biblioteca, cómpre salientar que ten tamén unha dimensión dixital. A biblioteca conta cunha web e blog de recente renovación (<http://biblioteca.eoilugo.gal>) que ten por obxectivo facilitar información e recursos. Tamén visibiliza as súas actividades a través das redes sociais da EOI de Lugo en Facebook, Instagram, X e Telegram, e actúa como catalizador da comunicación en relación á oferta de actividades culturais na escola a través da coordinación e redacción dunha *newsletter* ou boletín semanal que reciben por correo electrónico aquelas persoas, membros ou non da comunidade escolar, que amosen o seu interese mediante a subscripción voluntaria. A promoción da lectura ocupa un lugar relevante neste boletín semanal de actividades culturais, xa que se inclúe unha sección especial de club de lectura coas datas actualizadas das sesións.

Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca no centro

A biblioteca escolar é un espazo de formación, información e encontro social que actúa como laboratorio de aprendizaxes e contribúe á consecución dos obxectivos marcados no PEC. Durante o curso 2024/2025 dará continuidade a liñas de actuación prioritarias como a promoción da lectura a través da coordinación de actividades de club de lectura e outras accións que vincularán as aulas co espazo de biblioteca, como a cata de libros e o tempo de lectura en silencio. Así mesmo, fomentará a comunicación e a creación nas linguas de estudo a través da realización de podcasts para a radio escolar e outras actividades, como proposta para traballar coa información e acceder a outros coñecementos e aprendizaxes. Neste sentido, facilitará recursos e acompañamento ás persoas usuarias para superar as barreiras de aprendizaxe relacionadas coa alfabetización mediática e informacional que se poidan detectar, en conformidade co enfoque do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) que se está aplicando nas programacións didácticas.

Para reforzar a implicación da comunidade escolar, a biblioteca seguirá comprometida co programa Bibliotecas Escolares Solidarias, integrando a alumnado voluntario no equipo de dinamización e promovendo a modalidade de aprendizaxe-servizo na medida do posible. O alumnado voluntario participará en actividades de xestión e de dinamización de biblioteca, recibindo propostas ou propoñendo accións como exposicións de libros en datas sinaladas do calendario escolar, recensións e recomendacións de libros e autores/as no blog ou na radio escolar, sesións de xogos de mesa, etc. No marco do proxecto europeo Erasmus+ de curta duración da EOI de Lugo para este curso 2024/2025, titulado *M+S+I=Metodoloxía, sostenibilidade e inclusión. Hacia una EOI máis sostenible e inclusiva*, tamén está previsto que cinco alumnos ou alumnas, preferentemente con experiencia de voluntariado na biblioteca, realicen unha mobilidade a Portugal para visitar bibliotecas escolares e municipais.

Seccións (bibliotecas de aula e departamentos)

A biblioteca dispón de seccións nos distintos departamentos. Nalgunhas aulas, a criterio do profesorado, tamén se ofrece material de consulta como dicionarios.

Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.

Club de lectura

O proxecto de club de lectura está estreitamente ligado ao Proxecto Lector de Centro, actualizado no curso 2021/2022 polo Equipo de Dinamización de Biblioteca, e ao Plan Anual de Lectura, actualizado no curso 2024/2025 e incluído na Programación Xeral Anual (PXA) e nas programacións dos departamentos correspondentes.

A EOI de Lugo participa no programa de club de lectura de Bibliotecas Escolares de Galicia desde o curso 2011/2012, promovendo a lectura, a reflexión e a comunidade non só entre o alumnado actualmente matriculado, senón tamén entre o antigo alumnado, o profesorado e o persoal non

docente do centro. No presente curso 2024/2025 están programadas máis de 40 sesións arredor dunha vintena de títulos en seis linguas (alemán, español, francés, galego, inglés e italiano); e estímase que participará na mediación profesorado de ata seis departamentos (alemán, chinés, francés, galego, inglés e italiano), así como membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

A hora de ler

Inspirados por iniciativas de lectura grupal en silencio como o *Silent Book Club* xurdido nos Estados Unidos e xa globalizado (<https://silentbook.club>), durante este curso facilitaremos tempos de lectura no espazo de biblioteca e animaremos ao profesorado dos diferentes departamentos lingüísticos a incluír unha cata de libros e unha sesión de lectura en silencio na súa programación de aula. As actividades de cata de libros realizaranse durante o primeiro mes e permitirán ao alumnado coñecer os recursos da biblioteca. "A hora de ler" activará ou reactivará o hábito lector e a concentración do alumnado nun contexto social e cultural caracterizado por unha excesiva estimulación e un déficit de atención que dificulta cada vez máis a aprendizaxe profunda. O equipo de dinamización da biblioteca facilitará recursos para o desenvolvemento destas actividades.

Plan de lectura que propoñen os departamentos lingüísticos e EDLG

Departamento de alemán

Ademais de libros de texto, gramáticas e obras literarias e informativas, a biblioteca da EOI de Lugo permite acceder a libros de consulta e publicacións periódicas, como revistas e xornais. No caso de alemán, o alumnado pode reservar exemplares da revista *Deutsch Perfekt* para a súa consulta en sala e tamén para préstamo.

Durante o curso 2024/2025, o departamento de alemán participará no programa de **club de lectura**. Están previstas sete sesións de lecturas variadas arredor do tema *Mit Büchern durch Deutschland*, unha viaxe literaria polos países de fala alemá. As obras escollidas son *Liebesgrüße aus Deutschland*, de Wladimir Kaminer; *Faserland*, de Christian Kracht; *Reise durch Deutschland*, de Mark Twain; *Unterleuten*, de Juli Zeh; e *Tschick*, de Wolfgang Herrndorf.

Por outra banda, cada alumno ou alumna poderá ler alomenos unha lectura recomendada das que se atopan no catálogo de biblioteca. A avaliación poderase facer entregando unha ficha de lectura á profesora. Nos cursos de promoción, os traballos relacionados coas lecturas poderán ser tamén instrumento de avaliación. Estes poderán ter lugar no marco da aula ou na casa. Continuarase coa posibilidade de enviar unha recensión crítica ao blog da biblioteca e obter así a pequena vantaxe na avaliación. Deste xeito preténdese prestar atención á diversidade, de maneira que as lecturas se adapten ao nivel e aos gustos de cada persoa, ademais de potenciar o uso da biblioteca por parte do alumnado. Nos niveis máis altos poderase optar por un único libro de lectura recomendada para toda a clase, xa que facilita o traballo conxunto. Tamén neste caso quedará ao dispor do profesorado a organización e incorporación de lecturas recomendadas, intentando sempre que nun mesmo nivel se poidan coordinar as tarefas relacionadas coas lecturas escollidas. Con estas medidas pretendemos favorecer a lectura extensiva como instrumento para a adquisición de

lingua. Por último, o profesorado non só poderá optar por incorporar as lecturas recomendadas, senón tamén por varialas se as razóns didácticas así o indicasen.

Departamento de chinés

Durante este curso académico, o departamento de chinés participará na actividade de cata de libros na biblioteca para dar a coñecer os recursos da biblioteca ao seu alumnado, tanto a colección de lecturas graduadas en chinés como libros e DVD noutros idiomas que están relacionados coa lingua e a literatura chinesas, xa que un dos obxectivos do plan de lectura do departamento é promover o interese do alumnado pola cultura chinesa.

Nos niveis básicos máis altos (A2.1 e A2.2), tamén recomendará ao alumnado unha serie de lecturas voluntarias fóra da aula que estarán dispoñibles no catálogo da biblioteca para a súa consulta ou préstamo. O profesorado animará ao alumnado a realizar un resumo ou unha recensión na lingua de estudo para publicar no blog da biblioteca. Tamén poderá propoñer outras actividades que estean relacionadas coa lectura deses libros e contribúan a mellorar as súas destrezas lingüísticas e comunicativas en chinés. Ao alumnado do grupo de nivel básico A2.1 recomendaráselles ler un libro da serie 我的中文小故事, publicada pola editorial Peking University Press; mentres que ao alumnado do grupo de nivel básico A2.2, un libro da colección *Rainbow Bridge Graded Chinese Reader*, nivel *starter*, publicada pola editorial Sinolingua.

Para promover a divulgación lingüística e cultural relacionada coa China, o departamento tamén ten programadas varias actividades do seu **club de lectura** plurilingüe, dirixido ao conxunto do alumnado da comunidade escolar. No primeiro cuadrimestre profundarase na gastronomía chinesa, despois da exitosa experiencia do curso pasado, a partir da lectura do libro *Cocina casera china* 中国家常菜, de Suzie Lee, publicado en español na editorial Cinco Tintas e tamén dispoñible para lectura e préstamo na biblioteca en inglés (*Simply Chinese. Recipes from a Chinese home kitchen*) e francés (*Et si on cuisinait chinois? Recettes maison simples et rapides*). Animarase aos participantes a experimentar en casa algunha receita incluída no libro e compartir o resultado nunha merenda comunitaria. Contactarase coa autora –malia ser moi popular e recoñecida no Reino Unido, onde reside– para valorar a organización dalgún encontro virtual no espazo de biblioteca. No segundo cuadrimestre proporase a lectura do libro 蒙馬特遺書 / 蒙马特遗书, da autora taiwanesa Qiu Miaojin 邱妙津, referente da literatura LGTBIQ+ no ámbito sinófono, na súa tradución ao español (*Cartas póstumas desde Montmartre*), inglés (*Last words from Montmartre*), francés (*Dernières lettres de Montmartre*), alemán (*Letzte Worte vom Montmartre*) e italiano (*Ultime lettere da Montmartre*). Esta actividade tamén poderá complementarse cun encontro virtual coa tradutora da obra en español ou cun evento que reflexione sobre as referencias LGTBIQ+ na literatura. As sesións do club de lectura desenvolveranse en lingua galega.

Alén destas actividades, o departamento continuará promovendo a celebración de festas tradicionais chinesas e datas sinaladas relacionadas, como o Aninovo chinés ou o Día da lingua chinesa nas Nacións Unidas. No contexto da aula, tamén se traballará a lectura con textos seleccionados e adaptados aos niveis de lingua sobre estas festividades tradicionais da cultura chinesa, coa finalidade de mellorar tanto a comprensión lectora en chinés como a competencia intercultural do alumnado.

Departamento de español para estranxeiros

O plan de lectura do departamento de español para estranxeiros (ELE) ten como obxectivo fomentar a aprendizaxe e a consolidación do idioma español a través da lectura. A lectura é unha ferramenta fundamental para a adquisición de linguas estranxeiras, xa que non só mellora a competencia lingüística do alumnado en vocabulario, gramática ou sintaxe, senón que tamén facilita a inmersión cultural, que é indispensable para unha comprensión profunda e significativa do idioma.

ELE foi introducido na EOI de Lugo no presente curso 2024/2025, contando soamente cos niveis A2 (básico) e B1 (intermedio). As lecturas programadas, polo tanto, están adaptadas a estes dous niveis. Para maximizar os beneficios da lectura, está previsto traballar dentro da aula con lectura graduadas para A2 e B1, de maneira que o alumnado poida mellorar de xeito progresivo as habilidades de comprensión lectora sen presión.

A lectura estará integrada na programación de aula. Seguindo as indicacións da profesora, o alumnado lerá tanto na clase como fóra dela. No nivel básico A2 leranse textos sinxelos que permitan aos alumnos e ás alumnas adquirir vocabulario e estruturas gramaticais básicas. A lectura realizarase principalmente na aula, onde a profesora actuará como guía para a correcta comprensión do texto; con todo, tamén se poderá pedir a lectura de certos capítulos fóra da aula para promover a autonomía. Para este nivel recoméndase a lectura do libro *Los Fernández: Salsa en la Habana*, de Jaime Corpas e Ana Maroto, publicado na editorial SGEL. No nivel intermedio B1, o alumnado terá lecturas máis complexas, aínda que igualmente graduadas e adaptadas ao seu nivel. Darase maior énfase á comprensión crítica do texto e alternaranse as lecturas dentro e fóra da aula para que o alumnado poida avanzar ao seu propio ritmo. Así mesmo, dentro da clase promoveranse debates sobre os contidos lidos. Para este nivel recoméndase a lectura do libro *Los Fernández: Boda en Buenos Aires*, de Jaime Corpas e Ana Maroto, publicado na editorial SGEL.

Un aspecto clave do plan do departamento de ELE é integrar a lectura coas festividades culturais españolas. Este enfoque vincula a aprendizaxe do idioma co coñecemento da cultura para que o alumnado non só aprenda español de maneira mecánica, senón que tamén comprenda o contexto cultural no que se fala. Neste sentido, realizaranse lecturas en datas sinaladas como o Día de Defuntos (textos breves que expliquen a importancia desta festividade en España e o papel que ten na memoria histórica do país), Nadal (textos relacionados coas tradicións de Nadal españolas, como a Noiteboa ou o Día de Reis, para que se poidan comprender mellor os costumes españois) e Semana Santa (textos sobre o significado e costumes desta festividade relixiosa nas distintas rexións de España).

Departamento de francés

O plan de lectura do departamento de francés céntrase en catro obxectivos: mellorar a comprensión lectora; mellorar a expresión oral, a entoación e a pronunciación; fomentar o gusto por ler; e socializar co alumnado que participa.

Durante este curso 2024/2025, o departamento de francés participa no programa de **club de lectura** con varias sesións dunha hora de duración arredor de dúas obras: *Un animal sauvage*, de

Joël Dicker, recomendada para alumnado de nivel intermedio B1-B2, e *Le liseur du 6h27*, de Jean-Paul Didierlaurent, recomendada para alumnado de nivel avanzado C1-C2. A lectura do primeiro libro desenvolverase en sete sesións, programadas os mércores en horario de 13.00h a 14.00h; mentres que a lectura do segundo libro desenvolverase ao longo de cinco sesións, programadas os xoves en horario de 20.00h a 21.00h. Respecto da selección de obras para o club de lectura, procúranse escoller títulos que sexan atractivos e accesibles e estean dispoñibles, considerando a calidade literaria e o perfil dos lectores para responder aos intereses, axustarse ao nivel de lingua, promover o desenvolvemento persoal e inculcar valores de respecto, tolerancia e diversidade. Así mesmo, tense en conta a posibilidade de organizar actividades complementarias, como teatralizar fragmentos da obra de Didierlaurent ou organizar un percorrido virtual pola cidade de Xinebra.

Estas actividades de club de lectura procuran reunir ao alumnado matriculado en francés durante o curso en vigor e tamén permiten que os alumnos e as alumnas que xa non están matriculados/as poidan seguir en contacto coa lingua e a cultura francófona a través dos libros. A organización das sesións de club de lectura inclúen actividades planificadas para antes, durante e despois da lectura; conversas guiadas en grupo; merendas (sobremesas e bebidas quentes) compartidas de xeito informal; fotografías de grupo para documentar o momento e redacción de recensións para publicar nos espazos virtuais do departamento e da biblioteca. Despois das sesións compártense entusiasmos, inquedanzas e conexións que xorden da experiencia de lectura e levan a descubrir máis autores/as e obras literarias. Así pois, o departamento entende que a lectura compartida é unha ferramenta moi boa para fidelizar alumnado.

Departamento de galego

A lectura é un dos factores máis relevantes no proceso de formación e desenvolvemento intelectual. A práctica lectora pode influír e auxiliar no proceso de ensino-aprendizaxe dunha segunda lingua e, amais, é un proceso que posibilita a adquisición de novos contidos. Así mesmo, proporciónalle ao alumnado a posibilidade de ampliar o seu coñecemento gramatical, léxico, fonético e fonolóxico, alén de melloraren a capacidade discursiva e ampliar o vocabulario. En definitiva, a lectura axuda a superar posibles dificultades comunicativas.

Partindo desta base, os obxectivos do plan de lectura do departamento de galego son: promover o uso da lingua galega a través da lectura, tanto dentro como fóra do ámbito académico; fomentar o interese pola literatura galega, abordando textos clásicos e contemporáneos de diferentes xéneros; mellorar a comprensión lectora e a capacidade crítica mediante a análise e debate das obras; desenvolver a competencia lingüística en galego, ampliar o vocabulario e mellorar a expresión oral e escrita; e incentivar a creatividade e a escrita como resposta activa ás lecturas realizadas.

Para que a lectura alcance os obxectivos que se pretenden é necesario seleccionar ben os textos. Para isto, teremos en conta criterios como o interese dos temas para o alumnado, a adecuación ao nivel de lingua e a diversidade de xéneros. Durante o curso alternaremos entre lecturas individuais e compartidas (oral e en voz alta) para fomentar a comprensión e a discusión. Amais, complementaremos a lectura tradicional con recursos dixitais para achegar a lectura a todos os perfís de alumando.

Durante o curso 2024/2025 realizaranse diferentes actividades relacionadas coa lectura, dependendo do nivel e do interese de cada grupo. Algunhas delas serán a selección de textos breves para os niveis A2 e B1 (iniciar as lecturas con contos, relatos curtos ou poemas de autores galegos); actividades de comprensión e reflexión para todos os niveis (despois da lectura, realizar actividades como resumos, comentarios críticos, ou preguntas de reflexión sobre o tema, a linguaxe etc.); lectura dramatizada para niveis A2 e B1 (fomentar a lectura en voz alta mediante pequenos fragmentos de obras teatrais ou diálogos); tarefas creativas para todos os niveis (propoñer que o alumnado redacte finais alternativos, continúe a historia ou cree novos personaxes baseados na obra); certame de creación literaria para todos os niveis (propoñer un concurso de escritura no que os e as estudantes redacten os seus propios relatos ou poemas en galego); e debates literarios en niveis B2, C1 e C2 (organizar debates sobre os temas sociais ou culturais tratados nas lecturas realizadas).

O departamento de galego tamén organizará ao longo do curso varias actividades de **club de lectura**. Os libros propostos para o primeiro cuadrimestre son *O incendio*, de Sara Vila Alonso, recomendado para niveis A2, B1 e Celga 2, e *A noite das cebolas*, de Rosa Aneiros, dirixido especialmente aos niveis B2, C1, C2, Celga 3 e Celga 4. Fomentaremos, a través do equipo de dinamización da biblioteca, encontros virtuais ou presenciais coas autoras para coñecer de primeira man a súa obra e experiencia. No segundo cuadrimestre proporemos a lectura do libro *O soto dos catro ventos*, de María Oruña, que está adaptado a todos os niveis. Esta actividade de club de lectura poderá complementarse cunha viaxe cultural ao entorno da Ribeira Sacra onde está ambientada a novela.

Alén disto, con motivo do Día das Letras Galegas profundarase nas autoras homenaxeadas dentro da aula e participando en actividades, principalmente en colaboración co EDLG, que axuden a motivar o alumnado a achegarse á lectura comprensiva e crítica de textos e libros. Este plan busca integrar a lectura no día a día do alumnado, potenciando tanto as competencias lingüísticas como as sensibilidades cultural e artística en galego.

Departamento de inglés

Para o departamento de inglés, é importante que o alumnado adquira o gusto e hábito de ler en lingua inglesa non só para mellorar as súas competencias lingüísticas, senón tamén para entrar en contacto coas diversas culturas do mundo de fala inglesa. O alumnado debe adquirir o costume de ler libros en inglés dun xeito natural, evitando aqueles procesos de tradución que se realizan ao confrontaren cun libro escrito nunha lingua que non é a lingua nai. Coa finalidade de evitar este proceso, teranse en conta os coñecementos do alumnado para escoller os libros recomendados para cada nivel, tentando que as lecturas resulten máis fáciles que difíciles.

Para favorecer un achegamento máis lúdico á lectura en lingua inglesa, o departamento promoverá a participación do alumnado nas actividades de **club de lectura**. Durante este curso 2024/2025 están programadas dúas lecturas de textos orixinais: *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury, recomendada para nivel intermedio B2 e seguintes; e *Where the Crawdads Sing*, de Delia Owens, dirixido a alumnado de nivel avanzado C1-C2.

No contexto da aula, os tipos de texto máis habituais que se traballarán na clase serán artigos de revistas, textos informativos e narrativos, diarios e historias breves. A partir destas lecturas, fomentárase estratexias para desenvolver a autonomía do alumnado, como a utilización de dicionarios –seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada,...–, o uso de gramáticas e libros de referencia, e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras, as categorías gramaticais, a identificación de argumentos verdadeiros e falsos, os *false friends* ou os sinónimos para identificar o significado de palabras ou expresións. Os textos iranse especializando pouco a pouco, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de fomentar no alumnado o aprecio da lectura como fonte de información, pracer, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida. Tamén se pretende fomentar unha actitude receptiva e respectuosa, e ao mesmo tempo crítica, cara á información que transmiten os devanditos textos.

Departamento de italiano

A práctica da lectura é un ferramenta fundamental para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, xa que axuda a mellorar as competencias lingüísticas desde múltiples puntos de vista, como a comprensión de textos, a adquisición de vocabulario ou a fixación da ortografía. Ademais, permite entrar en contacto con diversos aspectos da cultura e a sociedade dos países nos que se emprega a lingua obxecto de estudo. Por este motivo, nas clases de italiano procurárase traballar continuamente a lectura con mostras de variada tipoloxía textual apropiadas para cada nivel e tratarase de ensinar estratexias que promovan a autonomía do alumnado como lector, como o uso eficaz de dicionarios e tradutores, a consulta de gramáticas e libros de referencia, a dedución do significado de palabras por familias e analoxía, etc.

Alén disto, o departamento proporá unha listaxe de lecturas recomendadas por nivel, seleccionadas entre os fondos dispoñibles na biblioteca do centro. Estas serán de lectura voluntaria, aínda que tamén poderán ser utilizadas na aula polo profesorado con fins didácticos. O obxectivo é que o alumnado vaia potenciando a súa competencia lectora e perda o medo a afrontar gradualmente *motu proprio* outros textos de maior complexidade que lle poidan resultar útiles ou atractivos.

A biblioteca do centro é un recurso que se debe poñer en valor, polo que o profesorado do departamento fará unha visita ao comezo de curso co alumnado para dala a coñecer e procurará empregala como espazo de traballo alternativo á aula cando xulgue oportuno. Ademais, animará ao alumnado a participar en todas aquelas actividades de promoción da lectura que organiza o equipo de dinamización da biblioteca, como concursos, recitais ou viaxes literarias. Así mesmo, algunhas das actividades habituais da programación cultural de biblioteca –como o concurso *Cita a cegas*, que prevé a lectura dun libro e a realización dunha recensión– poderán ser consideradas tarefas voluntarias de clase e obxecto de avaliación positiva.

Finalmente, o departamento organizará actividades de **club de lectura** en colaboración co equipo da biblioteca. Estas terán lugar no espazo de biblioteca fóra do horario lectivo e estarán abertas a todo o alumnado da EOI de Lugo con coñecementos de italiano. Durante as sesións de club de lectura tratarase de achegar a lectura de forma pracenteira e lúdica, ao tempo que se fomenta

unha actitude reflexiva, crítica, respectuosa e aberta ao diálogo. En paralelo a estas actividades de club de lectura, non se descarta ofrecer outras dentro da aula en diferentes niveis, se así o acorda o alumnado co seu profesorado.

Departamento de portugués

A lectura é unha actividade de lingua especialmente relevante para a apredizaxe da lingua portuguesa na nosa comunidade autónoma. Mesmo fóra de ambientes académicos, a cidadanía galega soe partir dunha comprensión lectora en portugués bastante avanzada, incluso sen ter estudado portugués previamente. A proximidade lingüística permite unha competencia relativamente alta nas actividades pasivas (comprensións oral e escrita), que é aínda maior no caso da comprensión lectora, xa que as persoas teñen máis posibilidade de pensar na forma da mensaxe que están a recibir. Non é estraño, de feito, encontrar persoas que entran en contacto co portugués por primeira vez por medio da lectura de obras literarias na súa lingua orixinal, cunha comprensión relativamente alta do contido.

Pola proximidade lingüística, é habitual que as persoas que comezan a aprender portugués consigan comprender, na oralidade, os sentidos das mensaxes sen moita dificultade. Porén, se posteriormente pedimos que repitan o que ouviron, decatámonos de que non están a utilizar as mesmas estruturas ou vocabulario que había na mensaxe orixinal. No seu lugar, substitúenas por formas galegas semellantes que poden expresar significados afíns. O recurso á lingua escrita, lendo posteriormente a transcripción dos textos, permite ver e ser conscientes das diferenzas estruturais que doutra maneira pasarían sen ser notadas, e sen ser adquiridas para a produción oral ou escrita.

Por esta razón, a lectura xoga un papel chave na aprendizaxe de portugués. Se ben nas clases hai un foco especial na oralidade, xa que ten unha maior dificultade, o recurso da lectura é, como xa dixemos, fundamental. As características específicas da lingua escrita permiten descubrir o vocabulario e as estruturas novas, centrándonos nelas de forma específica, explicando a teoría, mais comprendendo o seu uso real. Esta é unha forma de facer que se repite en todos os niveis. Ademais, nos niveis básicos partimos da escrita para practicar a pronunciación e a boa entoación.

Outro aspecto en que a lectura gaña especial importancia é, sen dúbida, na adquisición de coñecementos socioculturais e sociolingüísticos. Sen poder substituír a inmersión lingüística nos países de lingua portuguesa, a lectura é unha fonte de contacto coas realidade culturais deses países. E, se ben é verdade que o visionado de filmes ou series pode xogar un papel semellante, a lectura ten a vantaxe, como xa foi dito, de poder ser posta en práctica desde case o principio.

O tipo de textos que se traballará usualmente nas clases de portugués é o xornalístico. A este respecto, na biblioteca pódese consultar o diario portugués *Publico*. Porén, tamén se promoverá, xa desde o primeiro ano, a lectura de textos literarios. Nos niveis intermedios B1 e B2, a lectura deste tipo de textos é introducida de forma activa nas aulas. No nivel B2, así mesmo, ofrécese ao alumnado a posibilidade de ler pequenos libros de ensaio sobre temas da súa especialidade ou interese, escollidos individualmente dunha lista previa, para despois expoñer os contidos en clase. No nivel avanzado C1 introducíranse lecturas máis complexas, incluíndo ensaios sobre temas

de actualidade. Neste caso, todos lerán o mesmo libro en casa e logo porán en común a comprensión e as dificultades, comentando tamén os contidos, na aula. No nivel avanzado C2, traballaránse textos literarios en clase, animando aos alumnos a facer exercicios de escrita creativa.

Departamento de EDLG

Durante o curso 2024/2025, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) promoverá a lectura a través de diversas actividades. Por unha banda, desenvolverá un proxecto de innovación en EDLG xunto co CMUS Xoán Montes de Lugo que xirará arredor da poesía e a música e incluírá actividades colaborativas que valorizarán os textos poéticos e a tradición oral de Galicia, fomentando a implicación da comunidade escolar na lectura e selección de poemas galegos para seren logo musicados por alumnado e profesorado do conservatorio, salientando o poder terapéutico dos libros e da música na celebración do Mes da ciencia en galego ou organizando recitais e outras actividades en datas sinaladas como o Día mundial da poesía e o Día das Letras Galegas. Neste sentido, traballará en colaboración co equipo de dinamización da biblioteca, coa responsable de igualdade e cos diversos departamentos lingüísticos da escola.

Dentro do programa de **club de lectura**, o departamento tamén promoverá actividades de teatro radiofónico con motivo do Día mundial do teatro para contribuír á dinamización da radio escolar e, sobre todo, a visibilizar textos dramáticos en lingua galega e practicar a lectura en voz alta.

Recursos e materiais

Os documentos coas listas de **lecturas recomendadas, filmes e outros recursos en rede para a aprendizaxe de idiomas** que propoñen os distintos departamentos lingüísticos están **dispoñibles para consulta e descarga en PDF na comunidade educativa virtual creada na plataforma Agueiro**. A ligazón a estes recursos e materiais é a seguinte:

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?t=8hkL7w3WnZAtoROQ1rxq>

Estes recursos e materiais serán actualizados e ampliados ao longo do curso, considerando as novas adquisicións. O equipo de dinamización da biblioteca favorecerá a súa visibilidade a través da web e blog <https://biblioteca.eoilugo.gal> e outras canles de comunicación que tamén serán promocionadas a través de <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/>, o sitio web da EOI de Lugo. Así mesmo, poderá traballar na elaboración de **guías de lectura** para o alumnado sobre estes ou outros libros do catálogo en colaboración cos departamentos lingüísticos.

O equipo de dinamización da biblioteca tamén promoverá o bo uso das novas tecnoloxías e os recursos dixitais no marco dun plan de actividades sobre alfabetización mediática e informacional que se desenvolverá ao longo do curso. Neste sentido, facilitarase o acceso á plataforma de préstamo de libros electrónicos E-LBE.2 (<https://bega-elbe2.edu.xunta.es>).